



MEDIADORES SOCIAIS

PROGRAMA DE FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

XUSTIFICACIÓN:

As persoas mediadoras cumpren unha serie de funcións xerais como creadores de opinión, modelos de actitudes e comportamentos, animadores/as ou dinamizadores/as da comunidade e elementos de conexión ou encontro entre as distintas institucións, o que os/as converte en elementos claves posto que favorecen a lexitimidade e credibilidade dos programas, actúan como axentes de transmisión entre a comunidade e o persoal técnico promotor dos programas, contribúen a activar os proxectos, poden participar activamente apoiando a implementación do programa, actúan como figuras de coordinación de futuras accións preventivas, son axentes de cambio, e facilitan información e coñecemento sobre a situación do problema no medio en que actúan e permiten detectar os intereses, necesidades, actitudes e capacidades do persoal co que traballan (actúan como informantes claves).

OBXECTIVOS:

- Formar aos participantes en drogas e adicións.
- Eliminar falsas crenzas asociadas ao consumo de sustancias mediante unha información obxectiva e reflexiva sobre o tema.
- Dotar de estratexias e habilidades que favorezan o desenvolvemento do seu quefacer diario.
- Promover a reflexión sobre o seu papel como mediadores/as sociais e axentes de prevención.

DESTINATARIOS:

Profesionais dos servizos sociais que poden exercer unha función mediadora na prevención de drogodependencias.

METODOLOXÍA:

As intervencións destinadas á formación serán flexibles, graduais e dinámicas.

DURACIÓN:

12 horas (4 sesións).

CONTIDOS:

1ª Sesión:

- Drogas e drogodependencias. Conceptos básicos en prevención de drogodependencias. Educación para a saúde.
- Os factores de risco e protección asociados ao consumo de drogas.
- Definición do rol de mediador/a social en drogodependencias. Funcións, habilidades e esixencias.

2ª Sesión:

- O alcohol: patróns de consumo, efectos no organismo e impacto na saúde e benestar, efectos do alcohol na conducción, publicidade do alcohol, lexislación, mitos e crenzas.
- O tabaco: impacto inmediato, a medio e longo prazo, factores que condicionan o seu consumo.
- O cannabis: mitos e realidades.
- Os psicoestimulantes (cocaína e drogas de síntese): patróns de consumo, efectos asociados, condutas de risco...
- Percepción social do fenómeno das drogodependencias.

3ª Sesión:

- Técnicas e ferramentas básicas en prevención: comunicación, motivación, traballo en grupo e dinamización social.
- A resolución de conflitos.
- Patróns dominantes de ocupación do tempo libre entre os novos/as e alternativas de ocio.
- Recursos de prevención, asistencia e incorporación social existentes en drogodependencias na cidade de Vigo.

4ª Sesión:

- Método para a aplicación da acción preventiva: valoración de necesidades, deseño e avaliación de programas de prevención.